



Desvinculado o programa de intercambio de alumnos entre universidades españolas (SICUE), da convocatoria de bolsas Séneca do Ministerio de Educación, faise necesario proceder á convocatoria deste programa polo que

**A VICERREITORA DE ESTUDANTES, DEPORTES E CULTURA dispon:**

Realizar a convocatoria de intercambio de prazas dentro do programa SICUE (curso 2014-2015) de acordo coas seguintes cláusulas:

**Primeira.-** As prazas de intercambio que se convocan para cada titulación son as que figuran no anexo I. Os estudantes deberán comprobar o grao de implantación da súa titulación nas páxinas web das respectivas Universidades.

O estudantado que participe no intercambio que queiran incluír o TFC no acordó académico, terán que poñerse en contacto co Coordinador da Universidade de destino para coñecer os requisitos.

**Segunda.-** Poderán participar nesta convocatoria os estudantes que superaran nesta universidade ata setembro de 2013 o seguinte:

- **Planos renovados.-** Un mínimo de 30 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis en Diplomaturas, Enxeñerías Técnicas e Arquitectura Técnica; 90 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis en Licenciaturas, Enxenerías e Arquitectura.
- **Planos non renovados.-** Ter superados como mínimo a metade das materias do primeiro curso da titulación en Diplomaturas e Enxeñerías Técnicas ou Arquitectura Técnica e o equivalente a curso e medio en Licenciaturas, Enxeñerías ou Arquitectura, e estar matriculado en non menos da metade de asignaturas do equivalente a un curso académico.
- **Ensinanzas de Grao.-** Ter superados 60 créditos e estar matriculados en 30 créditos mais.

**Terceira.-** A documentación que teñen que presentar os estudantes será a seguinte:

- O impreso de solicitude de mobilidade segundo o modelo A (orixinal e copia) da normativa SICUE 2014-2015 (Anexo II) cun máximo de 3 opcións por estudante.
- Unha fotocopia do DNI

**Cuarta.-** A solicitude orixinal, previa firma de conformidade do profesor coordinador de intercambios da Facultade ou Escola (quen quedarase coa copia), presentarase no LERD-Coruña (Pabillón de estudantes – Campús de Elviña) ou no LERD-Ferrol (Edificio de apoio

ao estudo – Campus de Esteiro). O prazo de presentación de solicitudes será do 4 ata o 24 de febreiro do 2014 ambos inclusive.

**Quinta.-** A selección realizárase de acordo, exclusivamente, co establecido no apartado E da normativa SICUE 2014-2015, que se achega.

A Comisión seleccionadora estará composta por:

- Presidenta: Dona María José Martínez López, Vicerreitora de Estudantes, Deportes e Cultura.
- Vogal: Don Manuel Herrador Barrios Coordinador da ETS de Enxeñaría de Camiños.
- Secretario: Don Alfonso Vidal Carnota, Xefe da Sección de Acceso e Información, Servizo de Estudantes.

Antes do 24 de marzo a Comisión fará públicos na páxina Web da Universidade, e nos Lerd (Campus da Coruña e Campus de Ferrol) os resultados do proceso de selección.

**Sexta.-** No caso de denegación, o interesado poderá reclamar ante o Presidente da Comisión no prazo do 24 de marzo do 2014 ao 4 de abril de 2014, cando concorran unicamente algunhas das circunstancias establecidas na Normativa SICUE 2014-2015

**Sétima.-** Rematado o prazo de reclamacións publicarase a resolución definitiva.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2014

**A VICERREITORA DE ESTUDANTES,  
DEPORTES E CULTURA**

M<sup>a</sup> José López Martínez

